



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

DECRETO

ASUNTO: APROBACION DAS BASES QUE VAN REXER O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN TECNICO PARA O MUSEO DE PESCA (FINANCIADO POLA EXCEMA DEPUTACION DA PROVINCIA DA CORUÑA - ANO 2022)

EXPEDIENTE: 2022/G003/000182

Relacionado co expediente: 2022/A003/000018

ANTECEDENTES:

Á vista da subvención concedida provisionalmente pola Excema. Deputación Provincial da Coruña, para a contratación de persoal técnico para a atención do Museo da Pesca (Expediente 2022000009157) na Resolución R.P. 2022/20763 de data 2/05/2022.

Considerando o disposto no artigo 21-1 g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual dun/dunha Técnico/a para o Museo da Pesca, que de seguido se indican:

"BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL EVENTUAL DUN/HA TÉCNICO/A PARA O MUSEO DA PESCA

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A contratación en réxime laboral eventual mediante a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción, a tempo completo durante un período de SETE (7) MESES dun/ha técnico/a para desenvolver tarefas de atención, información e dinamización no Museo da Pesca, dependente do Concello de Fisterra con cargo á subvención a estes efectos concedida pola Deputación Provincial.

2. CONCEPTO

O persoal técnico dos Museos e Centros de Interpretación son profesionais que teñen a responsabilidade de dar a coñecer o patrimonio cultural e etnográfico do lugar e as súas tradicións, transmitindo non só unha información ampla e fiable senón tamén espertando neles o respecto e a paixón polos lugares, tradicións, artesanías e vivencias que conforman o obxecto do museo ou centro onde traballen, coa oportunidade de manter un contacto privilexiado cos visitantes e usuarios de ditos espazos.

3. FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO

- Atención e dinamización do Museo da Pesca.
- Atención aos visitantes e proporcionarlles información sobre os recursos turísticos e os atractivos que existen na localidade, así como calquera información ou aspectos que sexan de interese.



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

- Elaboración de ficheiros de datos, informes e estatísticas de número de visitas, nacionalidades dos visitantes, idade e calquera aspecto que sexa de utilidade para a mellora da calidade do servizo prestado.
- Preparación da información que se ofrece (folletos, mapas, guías, material audiovisual…), organizando o mesmo, coa finalidade de ser accesible e comprensible polo usuario.
- Transmisión dos valores, costumes e tradicións do traballo do mar, para comprender mellor a identidade cultural e o pluralismo étnico dos pobos.
- Calquera outra actuación tendente á creación e fortalecemento da conciencia turística da poboación en aspectos referentes á protección, conservación e vixilancia do patrimonio cultural, arqueolóxico, etnográfico, natural e social.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 14.00 horas, situado na rúa Santa Catalina, 1, 15155 Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web do Concello de Fisterra (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal).

5. REQUISITOS

- a) Ser maior de dezaioito anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa para o emprego público.
- b) Posuír Titulación Universitaria relacionada directamente co ámbito da xestión de Museos (Historia da Arte, Historia, Turismo, Humanidades, Belas Artes ou similares) e /ou da Xestión do Patrimonio Natural (Bioloxía) ou posuír formación específica superior en museoloxía, xestión cultural, turismo ou xestión patrimonial do medio natural, de acordo coa natureza dos bens culturais e coleccións do espazo (mestrados ou posgraos universitarios relacionados directamente, cursos universitarios de especialización, etc).
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do posto. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6. DOCUMENTACIÓN

A instancia para participar na presente selección, conforme ao modelo que figura no Anexo I que se acompañará a esta documentación:

- a) Copia do documento nacional de identidade.
- b) Copia do título ou formación esixida para o acceso ao posto.
- c) Copia da acreditación do idioma galego (Celga 4 ou equivalente).
- d) Copias dos méritos que se pretendan alegar relacionados co posto.

A experiencia profesional acreditarase coa presentación do correspondente Informe de vida laboral actualizado e os contratos de traballo, nóminas, certificados de empresa ou similar que acredite dita experiencia.

Non se tomarán en conta nin serán avaliados os que non sexan debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento de presentación das solicitudes.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquera intre, de oficio ou a petición do/a interesado/a, e sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Na instancia deberá facerse constar que se cumpren todos e cantos requisitos son esixidos nesta convocatoria.

7. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listaxes, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución.

8.- LISTAXE DEFINITIVA

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nas mesmas canles a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como o lugar, data e hora de realización do procedemento selectivo, e a composición da Comisión de Selección.

9.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

Estará constituída da seguinte forma:



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.
- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario do Concello en quen delegue (actuará con voz pero sen voto).
- Vogais: Tres, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e que sexan funcionarios ou persoal laboral fixo ao servizo das Administracións Públicas.

10.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A selección realizarase en dúas fases: fase de oposición e valoración de méritos.

Primeira: fase de oposición, ata un máximo de 6 puntos.

1. Unha proba escrita tipo test de comprobación de coñecementos teóricos nos campos da museoloxía, con coñecementos sobre a tradición pesqueira local (artes de pesca e a súa evolución, embarcacións tradicionais, aparellos de pesca, costumes e tradicións locais, naufraxios...), sobre o Castelo de San Carlos e a súa historia. A puntuación máxima nesta proba é de 3 puntos.
2. Unha proba escrita de comprobación de coñecementos prácticos nos campos de xestión de espazos museísticos, e/ou de posta en valor e divulgación do medio natural, que trataría dunha proposta concreta de xestión e dinamización do espazo museístico en relación ao seu contexto social e a súa posta en valor. A puntuación máxima nesta proba é de 3 puntos.
3. Proba de comprobación de coñecementos da lingua galega onde a cualificación será apto/a ou non apto/a. Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o certificado de lingua galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

Segunda: Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 4 puntos.

1. Formación específica superior en museoloxía, xestión cultural, turismo ou xestión patrimonial do medio natural (mestrados ou posgraos universitarios relacionados directamente, cursos universitarios de especialización), puntuarase de maneira individual con 1 punto ata un máximo de 2 puntos.
2. Formación específica (cursos, xornadas, etc) debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida polas administracións públicas ou polas institucións e entidades autorizadas, ata 1 punto.
 - De menos de 40 horas de duración: 0,25 puntos cada un.
 - De máis de 40 horas de duración: 0,5 puntos cada un.
3. Experiencia - acreditada documentalmente & - na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades de catalogación, inventario, planificación de exposicións, apoio científico e práctico, ata un máximo de 1 punto:



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

- Servizos prestados na Administración Pública no mesmo posto de traballo ou categoría laboral: 0,10 puntos por cada mes de servizo.
- Servizos prestados en centros, entidades ou empresas privadas no mesmo posto de traballo ou categoría laboral: 0,05 puntos por cada mes de servizo.

Unha vez que rematen as dúas fases de selección, a Comisión de Selección propondrá o nomeamento do/a aspirante que obtivese a maior puntuación, non superando o número máximo da praza convocada, quedando os/as demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

No caso de empate entre as persoas aspirantes, aplicaranse a efectos de desempate, os seguintes criterios:

- 1.- Puntuación acadada na fase de oposición.
- 2.- Puntuación acadada na fase de concurso de méritos.
- 3.- Puntuación acadada no apartado 3 da fase do concurso de méritos.

11.- NOMEAMENTO

O/a seleccionado/a disporá de dous (2) días hábiles desde a proposta de nomeamento para presentar na Secretaría do Concello a documentación acreditativa de que se cumpren as condicións que se sinalan no apartado 5º das presentes bases.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

A Comisión de Selección queda facultada para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

12.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO POSTO PERSOAL TÉCNICO PARA O MUSEO DA PESCA			
Apelidos e nome			
D.N.I.		Data nacemento	
Enderezo			
Código postal		Municipio	
Teléfono		email	

DECLARO:



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

Ter coñecemento do contido das bases para a contratación de persoal laboral temporal para o posto de Persoal Técnico para o Museo da Pesca, aceptar na súa totalidade o contido das ditas bases e cumprir coa totalidade dos requisitos establecidos nas mesmas.

SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo de acordo cos termos establecidos nas bases que regulan o mesmo, achegando con esta solicitude unha relación de documentos que se xuntan a este anexo.

Fisterra,de..... de 2022

Asdo.:....."

SEGUNDO: Visto o informe emitido polo secretario - interventor accidental, de data 5/05/2022, que consta no expediente de natureza desfavorable, faise necesario levantar as observacións realizadas en base ao seguinte:

- No que toca coa publicación das bases, e tendo en conta que se publican na páxina web municipal (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) queda superada a limitación territorial que ofrecía a exposición no taboleiro de edictos tradicional e queda garantida a maior publicidade, ao ter acceso á devandita publicación a poboación en xeral.
- Polo que respecta aos prazos de presentación de instancias, faise obrigado reducilos de 10 a 5 días hábiles, para dispoñer dos técnicos de turismo durante a tempada de verán, na que existe un certo volume de traballo e que os sete meses de contrato rematen ao mesmo tempo que o exercicio económico.

TERCEIRO. Publicar as bases na páxina web do Concello e no taboleiro electrónico coa finalidade de que os interesados/as en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte ao día seguinte a publicación das bases na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a xoves 5 de maio de 2022, do que eu, como secretario, certifico.

O ALCALDE,

ANTE MIN



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000182

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

José Marcote Suárez

Juan Carlos Carril Pérez